

PROBA ESCRITA
LINGUA GALEGA E LITERATURA (2ª AV. - II)
2º ESO – 08/03/2021

NOME E APELIDOS: _____

A finais do século XIX, Marcela Gracia Ibeas e Elisa Sánchez Loriga coñecéronse mentres estudaban na Escola Normal de Mestras da Coruña.

Elisa e Marcela namoraron. Amábanse a escondidas, pero para poder casar e normalizar a situación houbo que inventar un marido. Elisa converteuse en Mario: vestiu roupa de home, recortou o cabelo e falou con outra voz. En 1901 contraeron matrimonio na igrexa de San Xurxo (A Coruña).

Cando se soubo, os xornais de todo o Estado puxeron o berro no ceo ante o que definían como *escándalo asquerosísimo*; e aproveitaron tan lamentable ocasión para vender coma nunca. Mentres, a Igrexa, denunciaba ante a policía o sacrilexio cometido.

E a cacería desatouse. Elisa e Marcela fuxiron a Portugal. Na cidade do Porto metéronas presas. Cando escaparon do cárcere, cambiaron os seus nomes e botáronse ó mar. Na cidade de Bos Aires perdeuse a pista das fuxitivas.

Eduardo Galeano, Los hijos de los días (tradución e adaptación)

1.
 - a) Indica a que **xénero literario** pertence este texto e **indica unha característica** del. [0,25]
 - b) **Cita** os demais **xéneros** que existen e **indica unha característica** de cada un. [0,5]
 - c) Fai un **resumo** do texto. [1]
 - d) Sinala que tipo de **voz narradora** aparece no texto. [0,25]
2. [0,75]
 - a) Procura no texto **3 verbos conxugados** e indica se están en **pasado, presente ou futuro**.
 - b) Procura no texto **2 verbos en infinitivo**.
3. Sinala se as seguintes oracións son **verdadeiras (V) ou falsas (F)**. Se son falsas, xustifica por que. [1,3]
 - a) A televisión é un medio de comunicación de masas.
 - b) A radio naceu a finais do século XX.
 - c) *Nós Diario* é un xornal de ámbito español.
 - d) *Telecinco* é unha canle de televisión privada.
 - e) A crónica é un xénero xornalístico de opinión.
 - f) O teléfono é un medio de comunicación.
 - g) Hoxe en día só existen xornais dixitais.

4. Escribe as **letras do alfabeto galego** [0,5]:

5. Escríbelle unha **carta** a unha persoa coa que tes confianza (real ou inventada) seguindo a **estrutura** axeitada. Debe ter, cando menos, un total de **50 palabras**. [1]

6. Crea un **perfil de Rosalía de Castro** ofrecendo polo menos **10 datos** sobre a súa vida e obra: [1,3]

7. Escribe a palabra que lle corresponde a cada unha das seguintes definicións: [0,45]

- a) Non facer o que manda [unha lei, unha orde ou unha obrigaón establecida]:
- b) Lugar onde os barcos de pesca largan os aparellos para capturar o peixe:
- c) Inclinación ou gusto por unha actividade:

8. **Escolle dúas** destas expresións e **explica** o seu **significado**: [0,5]

Chegar a bo porto Capear o temporal Afongar nun vaso de auga Ir a pique

9. Puntúa axeitadamente estas oracións: [0,65]

- Merquei laranxas bolsas do lixo iogures e papel hixiénico
- Negreira a vila na que nacín está na provincia da Coruña
- Compreino para ti avoa

10. Sinala cales son os diferentes elementos do acto comunicativo na seguinte situación: [0,75]

Pepa chama a seu irmán por teléfono e dille “quérote moito”.

11. Escribe a forma correcta das seguintes formas verbais: [0,8]

- a) 1ª persoa do plural do presente de indicativo do verbo *varrer*:
- b) 3ª persoa do plural do pretérito de indicativo do verbo *comer*:
- c) 1ª persoa do singular do copretérito de indicativo do verbo *durmir*:
- d) 2ª persoa do singular do futuro de indicativo do verbo *cantar*:

PREGUNTA-AGASALLO
(para subir un máximo de 0,2 puntos da nota)